Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 154. Novembro 2018. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

O novo centro de saúde de Melide, unha realidade a partir de maio

O conselleiro de Sanidade achegouse ata Melide para presentar o proxecto, no que se van investir máis de 2,5 millóns de euros. Solucionados os problemas xurdidos cos terros, e despois de anos de promesas, agárdase que as obras dean comezo a partir do vindeiro mes de maio. O novo ambulatorio incrementará nun 60% a súa superficie e aglutinará todos os servizos nun único edificio. O titular de Sanidade descartou un aumento de persoal para a nova infraestrutura. P10



Simulación do futuro centro médico de Melide

EMPRESA
Petelar prepara un plan de mercado para exportar a nivel internacional P8

COMARCA
Toques inviste 188.000 euros na mellora de varios camiños rurais P14

CULTURA
Melide, un pobo solidario coa Fundación Andrea e o seu labor. P18

ENTREVISTA



Rocío Barreiro, Zafiro Tours P23

Vinte alumnos nun obradoiro de emprego sobre o Camiño



Desempregados de Melide e Boimorto formaranse durante nove meses e, posteriormente, dez deles obterán un contrato en prácticas de tres meses. P14

A comarca celebra o magosto con actividades para todos



Obradoiros, feiras gastronómicas, xogos populares, música, andainas e ata unha ruta BTT para celebrar o magosto nos concellos da Comarca. Pxs 13, 14 e 20

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Enchufismo: un mal endémico

Se hai algo que non cambiou, cambia, nin cambiará nesta sociedade é o enchufismo. Parémonos a pensar un momento e miremos ao noso arredor, seguro que todos e todas coñecemos a alguén que está ocupando un posto de traballo máis por algunha recomendación directa que polos seus propios méritos, polo que sabe ou polo que vale. E non só iso, seguro que máis de un chegou a verse nesa mesma situación algunha vez.

Non nos imos a meter nas decisións de cada un, nin na empresa privada, que para iso é privada e cada un pode facer co seu o que lle pareza. Mais, a cousa cambia cando falamos do público onde este tipo de prácticas non deberían de darse. Aínda así, seguro que todos coñecemos tamén máis dun exemplo; de feito, nalgunhas ocasións é tan incriblemente descarado que o resultado acaba nos tribunais. Iso é o que vén de acontecer coa Xunta, condenada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), a anular unha praza creada para a cuñada da actual Secretaria Xeral de Igualdade.



Si, así como soa. A sentenza deste tribunal anula a praza por detectar unha "torcida intencionalidade" para enchufar á familiar deste cargo da Xunta na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra; un enchufe que xa a Xunta tentara realizar coa mesma persoa en 2014. E para máis esperpento, trátase dunha praza creada para unha especialidade que nin se imparte en dita Escola, nin en Galicia, e que tampouco foi solicitada polo propio centro de ensino.

Poderíamos tomalo a risa se non fose porque a todos nos vai ao peto. Trátase dun mal endémico instaurado no sector público difícil de combater. É moi cuestionable (por cualificalo dalgunha maneira), que unha persoa nomee ou xestione o nomeamento dun familiar como cargo público, así como nomear a calquera outra persoa por ser amigo, coñecido ou como recompensa polo pago de favores políticos; isto último moi estendido tanto a nivel local, como provincial ou autonómico.

Onde está a igualdade de oportunidades? Onde quedou a valoración real dos méritos dunha persoa para optar a un posto de traballo? O que estamos a conseguir con todo isto é a instauración cada vez máis sólida do nepotismo nas institucións públicas en detrimento daquelas persoas que realmente si están preparadas e formadas para asumir con profesionalidade un cargo público.

Miremos de novo ao noso arredor e preguntémonos cantas persoas ocupan un cargo público para o que de verdade están preparadas, para o que de verdade son necesarias... O máis preocupante é que a ninguén parece importarlle, mentres que o único que se está conseguindo co enchufismo é contribuír ao desprestixio dos servizos públicos e a xerar máis corrupción, unha corrupción que, non nos enganemos, ao final pagamos os de sempre pola ineptitude de quen debería estar máis que cualificado.

Tribuna de opinión

Internet, o único futuro?

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

O Nadal está á volta da esquina. Pero antes tamén está o denominado *Black Friday*, o *Cyber Monday*, e cada vez máis promocións que, lonxe de beneficiar ao comercio en xeral, benefician ás grandes plataformas de venda por Internet. Son épocas de consumismo exacerbado e onde todos andamos á procura da mellor oferta que, en moitas ocasións atopamos en liña.



Ben sexa polo prezo reducido ou pola comodidade de comprar a través dun clic, o certo é que deberiamos reflexionar de a onde nos leva todo isto. Será que nun futuro deixará de existir o comercio de proximidade? Ou será que é necesaria unha renovación no concepto de pequeno comercio para facer fronte a tan grande competencia?

A tecnoloxía avanza a un ritmo difícil de seguir, pero se queremos manternos vivos como comercio local debemos ser capaces de continuar en paralelo a ese avance. O primeiro dos retos pasa por aceptar o novo escenario e adaptarnos a el para afianzar os nosos clientes, e nada mellor para iso que marcar a diferenza: ofrecer aos nosos clientes o que non poden atopar a través de Internet, e que son a seguridade, a tranquilidade e a confianza que producen as vendas cara a cara.

O pequeno comercio debe marcar a diferenza ademais de no trato co cliente, no tipo e na calidade de produtos que ofreza. Comprar por Internet é moi cómodo, pero non está exento de incidencias nin de que ao final nos saia ao mesmo prezo ou incluso algo máis caro que na tenda física. É aí onde debemos ofrecer un servizo de proximidade e calidade.

Pero é máis, a responsabilidade non pode recaer única e exclusivamente nos pequenos comercios pois, para facer fronte á competencia por Internet, dende as Administracións por exemplo deberían apoiar e facilitar a creación de plataformas de venta en liña para os Centros Comerciais Abertos, ou promover o asociacionismo con plataformas loxísticas que nos permitiría chegar a un maior número de clientes e, en consecuencia, continuar xerando emprego.

Do mesmo xeito deberiamos estar implicados como consumidores. Reflexionemos sobre o que xera o comercio da nosa vila, os postos de emprego que crea, a vida que trae ás nosas rúas. Todos temos parte de responsabilidade no futuro do pequeno comercio, así que sumemos esforzos para que a súa desaparición non sexa nunca unha realidade e Internet o único futuro.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Alumnos e Alumnas do IES Melide, Emilio Ares, Centro de Información á Muller (CIM) de Melide, Elena Dos Santos Carballada e Xosé Núñez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER.....18
- COLABORACIÓNS.....20
- ENTREVISTA.....23

O material para a campaña de Nadal deberá recollerse a finais de novembro

Dende o Centro Comercial Aberto Asetem de Melide estase a perfilar xa a campaña de Nadal deste ano que, tal e como indicou a súa xerente, Pilar López, "se desenvolverá seguindo a liña de edicións anteriores". Tendo en conta isto sabemos con seguridade que dará comezo o vindeiro 1 de decembro e rematará o venres 11 de xaneiro".


Un momento da última gala de Nadal celebrada en xaneiro deste ano

Prazos de participación

De aquí ao 1 de decembro perfilaranse o resto de detalles da campaña, sendo o sistema de participación o mesmo que en anos anteriores; por este motivo, dende o CCA-Asetem anunciaron que todos aqueles empresarios interesados en participar deberán recoller o material e as rifas durante a última semana de novembro, "para así comezar todos xuntos a campaña o día 1 de decembro".

Tamén este ano os comercios participantes disporán dun anuncio gratuíto en Radio Melide durante o período que comprenda a campaña, "por iso é importante que aqueles que desexen contar coa publicidade gratuíta durante ese mes llelo comuniquen directamente a Radio Melide ata o luns 19 de novembro", sinalou a xerente.

Como vén sendo habitual, ao remate da campaña celebrarase unha gala de Nadal na Casa da Cultura a partir das oito e media da tarde co xa tradicional sorteo ante notario. O nivel de premios será semellante ao de edicións anteriores: máis de 6.000 euros entre os que se reparten durante a campaña e os que se sortean o día da gala.

Pola súa parte, en canto ao número de comerciantes agárdase manter, e mesmo superar, a participación de establecementos debido a que se trata dunha iniciativa aberta a todos os sectores e non só a un en concreto.

Mercamelide de inverno

Representantes do CCA-Asetem e comerciantes, tanto asociados como non asociados, mantiveron unha reunión de traballo co concelleiro de Economía do Concello de Melide, Luis Arias, para abordar as futuras edicións do Mercamelide, concretamente a de inverno. A data para a súa celebración quedou fixada para os vindeiros 16 e 17 de febreiro, "sempre e cando non se produza ningunha novidade de última hora". O encontro foi aproveitado polos empresarios para expoñer todas as súas peticións e suxestións, que foron "moi ben recibidas" polo concelleiro.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARÍA JESÚS VÁZQUEZ COEGO, *Perruquería Coral e Servizo de Taxi*

"Dá igual que sexas home ou muller, só tes que facerte respectar no traballo"


María Jesús na súa perruquería, situada na rúa Joaquín Gundín nº7, e taxi co que traballa (667 682 771)



Perruqueira dende hai 19 anos, taxista dende hai case un, ama de casa, nai... se por algo se caracteriza María Jesús é por ser unha muller todo terreo e unha traballadora incansable. Na actualidade compaxina os dous traballos, de perruqueira e taxista, coa súa vida cotiá sen descoidar a casa e a familia, e asegura que o mellor de todo é o feito de sentirse plenamente activa.

- Xa me dirá o segredo para poder con todo?

- María Jesús Vázquez (M.J.): Pois intentándoo, como faría calquera outra persoa, tentando compaxinar a vida da casa e o feito de ser nai coa parada de taxis polas mañás e a perruquería polas tardes. E intentando ser flexible. Normalmente o servizo de taxis realízoo polas mañás, pero se teño que facer algunha saída pola tarde tampouco teño problema. E coa perruquería o mesmo, intentando compaxinar.

- Ademais do corte, que servizos atopamos en Perruquería Coral?

- M.J.: Corte, tintura, lavado, peiteado, manicura e pedicura. Tamén corte de home porque é perruquería unisex. Logo depilación e teño solárium tamén. E a domicilio normalmente non vou, pero si é certo que teño clientes que son xente maior ou con mobilidade reducida, e neses casos por suposto que me desprazo ata a vivenda.

- Despois de case vinte anos, que é o máis difícil na perruquería?

- M.J.: O máis difícil continúa sendo cando entra unha persoa por primeira vez. Nese caso intentas facelo o mellor posible para que quede contento e volva, pero sempre tes ese medo de "estareino facendo ben, estareino facendo mal, gustaralle así". Iso si que me preocupa, é o máis complicado para min, polo demais estou contenta, gústame o meu traballo e, aínda que son moitas horas de pé, son tantos anos que xa estou acostumada.

- E o que máis lle gusta?

- M.J.: A confianza coa xente e falar coas persoas. Gústame todo en xeral, pero o mellor é cando estás a gusto coa clienta e ela contigo, porque chegas a un punto de confianza e complicidade que xa sabes incluso se están ben ou lles pasa algo. Ás veces facemos de psicólogos co simple feito de escoitar. É incluso como unha terapia, tanto para os clientes como para min. Máis que clientes, moitas persoas acaban sendo como a túa familia.

- Algunha tendencia para este outono-inverno?

- M.J.: Eu creo que na actualidade non hai unha tendencia definida, senón que, se hai algo que che guste valo a levar estea de moda ou non. Con que che guste a ti é suficiente.

- Falemos agora do servizo de taxi porque é vostede tamén taxista. Como acabou dedicándose a iso?

- M.J.: O do taxi xurdiu porque meu pai levaba case 40 anos cunha parada e cando se xubilou non quixo que a venderamos, prefería que continuaramos con ela. E así foi, de momento quedámonos con ela e intento compaxinar os dous traballos, porque o meu home non está sempre tampouco.

- E como leva o de ser unha muller taxista?

- M.J.: Ben, moi ben. Pero é que ademais, que saibas que no concello de Melide somos cinco mulleres taxistas; o resto son homes. E teño que dicir que cos compañeiros moi ben sempre. Recibíronme e portáronse moi ben comigo en todo momento. Tamén é certo que nas noites e nas fins de semana bótame unha man o meu home porque, aínda que non debería de ser así, parece que se o taxista é un home pois como que impón un pouco máis de respecto. Pero tamén che digo que se vas ter problemas con algún cliente dá igual que sexas home ou muller; vaiche crear o problema igual, así que ti como profesional tes que marcar un límite e facerte respectar, sexas home ou muller. E polo demais moi ben, gústame moito o traballo.

- En xaneiro cumprirá o seu primeiro ano ao fronte do taxi, como foi a adaptación?

- M.J.: Paseino mal ao principio polo feito de non coñecer todas as rutas e lugares aos que tiña que ir. Pero tamén teño que dicir que cada vez que chamei a un compañeiro para preguntarlle por un sitio sempre me axudou e sempre me indicou moi ben, cousa que lle agradezo. E agora que xa vou facer un ano moito mellor, moi contenta.

- Neste caso, que é o mellor?

- M.J.: Para min o mellor é o trato cos clientes, cústame entenderme cos peregrinos en inglés (risas), pero bueno, ao final sempre chegamos a destino. E gústame moito levar á xente maior, porque sempre teñen cousas e anécdotas que contarche.

Casa Castro, que elabora os xeados Borboriño, galardoada por Fademur



Sandra Aldrey recollendo o galardón a Casa Castro (Foto: DC)

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Rural, a Deputación da Coruña e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur) organizaron un acto conmemorativo na Coruña que reuniu a máis de 500 mulleres que residen e traballan en diferentes municipios rurais da provincia.

O obxectivo, tal e como explicou o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, foi o de "facer visible e recoñecer publicamente o papel decisivo das mulleres no desenvolvemento social e económico do rural galego".

Un deses recoñecementos foi para Casa Castro; unha explotación familiar agraria situada en Grixalba (Sobrado dos Monxes) dende hai tres xeracións que, logo de anos de padecer a crise do sector lácteo, se decidiron a diversificar a súa produción na procura de produtos de maior valor engadido. Foi así como comezaron coa elaboración do xeado artesanal "Borboriño", realizado a partir do leite da súa explotación e que se fai nun obradoiro de Melide. Ademais, a empresa está iniciando unha nova etapa de produción no sector cárnico, apostando pola cría en liberdade de porcos da raza Duroc. A encargada de recoller o galardón foi Sandra Aldrey Martínez.

A presidenta de Fademur en Galicia, Rosa Arcos, demandou durante o acto "maior presenza das mulleres rurais na vida pública", e lembrou que "sen explotacións familiares e sen o traballo das mulleres que hai detrás delas non hai futuro para o rural".

A cantante cedeiresa Guadi Galego, a política camariñá Marisol Soneira, e a empresa de elaboración artesá de zocos Zoclos, en Oroso, foron as outras galardoadas.

Xornada de Prevención de Riscos Laborais no pequeno comercio



Preto dunha ducia de empresarios asistiron o pasado 24 de outubro a unha xornada sobre Prevención de Riscos Laborais no pequeno comercio que tivo lugar no salón de actos de Asetem. A Federación Galega de Comercio, en colaboración coa Xunta de Galicia e o Centro Comercial Aberto Asetem, foi a encargada de impartir esta xornada de sensibilización na que os asistentes tiveron a oportunidade de resolver todas as dúbidas en relación aos "Principais Riscos Laborais no sector do pequeno comercio"; título baixo o cal se desenvolveu a charla.

Tal e como indicaron dende a Federación, "con esta iniciativa preténdese sensibilizar en materia preventiva a empresarios e traballadores do sector do comercio retallista; reforzar as medidas preventivas establecidas por Lei tendo en conta as particularidades do sector; introducir aos traballadores para que poidan adoptar pautas de acción seguras e saudables; afondar nos principais accidentes laborais que se producen no sector e as súas causas e medidas preventivas; e diminuír a sinistralidade laboral", entre outros obxectivos.

O estancamento dos autónomos

Tras coñecer os datos de emprego, a Federación de Autónomos de Galicia alerta das baixas neste colectivo



A mediados do mes de outubro coñecéronse os datos estatísticos do Ministerio de Emprego correspondentes ao mes de setembro, así como a evolución dos tres primeiros trimestres transcorridos de 2018, e segundo os cales "temos en Galicia, a 30 de setembro, 212.160 autónomos, cifra idéntica á de finais de agosto, exactamente un autónomo máis", apuntaron dende a Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA).

Para a Federación os datos son "dramáticos", pois "se analizamos a evolución no que vai de ano comprobamos que Galicia perdeu 803 autónomos nos nove primeiros meses de 2.018". De feito, "só Pontevedra ve como aumenta a cifra de autónomos en 503; polo contrario, A Coruña perde 34 autónomos; Lugo, 405; e Ourense lidera a perda, tanto en Galicia como en España, con 867 autónomos menos", explicaron.

Datos pouco alentadores para o comercio

No que atinxe ao conxunto de España, "nos nove primeiros meses do ano a cifra de autónomos aumentou en 48.992, ata finalizar o mes de setembro con 3.253.679 autónomos". Mentres, por sectores "destacan as altas producidas en ámbitos como o da hostalería fundamentalmente, pero tamén a construción, as actividades profesionais e de ocio e recreo; e en cambio, perden afiliados sectores como a educación, seguido do comercio e a industria".

Con esta situación, dende FEAGA apuntaron que "a suba de impostos, o prezo da enerxía e os carburantes, a suba das cotizacións sociais que vén, ou a retirada de incentivos para a contratación, xeran un escenario de incerteza e inseguridade xurídica e desconfianza que en nada axuda á actividade económica, e que máis ben aboca a unha nova recesión", sinalaron. "En Galicia, ademais, temos un grave problema demográfico e déficit en temas como as infraestruturas, que repercuten na competitividade de maneira negativa", engadiron.

Por este motivo demandaron ás Administracións que traballen para crear unha contorna favorable á actividade económica nun escenario de maior seguridade e con impostos máis baixos que permitan a creación e mantemento do emprego, así como menores cotizacións empresariais, eliminación de trabas burocráticas e acceso ao financiamento. Do contrario, insistiron dende a Federación, "seguiremos provocando a perda de autónomos, que son, non esquezamos, persoas e familias que cando botan o peche pérdeno todo, sen paro e sen prestacións e, para os que poidan xubilarse, con pensións rozando o limiar da pobreza".

CLUN lanza ao mercado un novo produto: a manteiga Únicla



Foto: CLUN

O leite Premium de CLUN, Únicla, engade a súa gama un novo produto: "unha manteiga procedente de granxas certificadas en benestar animal", anunciou a compañía.

Á venda dende finais de outubro, poderase atopar en formato lata de 250 gramos e, a diferenza doutras manteigas presentes no mercado denominadas "fáciles de untar", a manteiga Únicla "non contén outros ingredientes ou aditivos artificiais para garantir unha textura uniforme e verdadeiramente fácil de untar".

Dende Cooperativas Lácteas Unidas explicaron que "se traslada a este novo produto o perfil mellorado de ácidos graxos do leite Únicla, procedente da alimentación diferencial e o benestar animal das vacas".

A nova manteiga Únicla conta "cun 50% máis de ácidos graxos poliinsaturados que unha convencional, con aporte de Omega3 e CLA de forma natural e menor contido, por tanto, de graxas saturadas; ademais de presentar unha maior untabilidade na súa textura".

100% natural e única

Cooperativas Lácteas Unidas destacou que a alimentación 100% natural e o coidado esmerado das vacas en contornas tranquilas e saudables nas explotacións dos socios cooperativistas, certificadas por Aenor en Benestar Animal, "son o segredo de Únicla, un leite como o de antes, cun sabor único e natural".

Co lanzamento da nova manteiga a cooperativa continúa así ampliando a súa gama de produtos ao mesmo tempo que aposta pola súa marca Premium Únicla.

Firma de libros da escritora Ana Meilán en Salacadula Shop



Ana Meilán, autora de contos infantís como *A chave dos soños*, *Bágoas debaixo da cama* ou *Quen vén esta noite*, achegouse ata Melide para realizar unha firma de libros. Foi concretamente no comercio Salacadula Shop, rexentado por Diana Feijóo, onde atendeu aos máis pequenos e aos seus papás e mamás. Todos puideron gozar coa maxia das lecturas que realizou a escritora e coas historias que recollen cada un dos seus contos. Grandes e pequenos pasaron unha xornada amena e, sobre todo, chea de ilusión tal e como reflectían as facianas dos máis cativos, que escoitaron atentamente cada liña sen perder detalle.

SABER DE LEI

A conciliación laboral


E&M AVOGADOS

Neste artigo traemos un tema clave no dereito laboral: a conciliación laboral. Así mesmo, antes de iniciar un proceso xudicial, o empregado e a empresa poden chegar a un acordo no acto de conciliación laboral. Este procedemento pre-xudicial é obrigatorio nas reclamacións máis habituais, cando o traballador non está conforme co despido ou cando se lle deben salarios. Sen embargo, non é necesario que haxa acto de conciliación e o empregado pode presentar directamente a demanda para reclamar sobre temas como: as vacacións, a mobilidade xeográfica, as modificacións substanciais das condicións de traballo, as suspensións do contrato, as reducións de xornada por causas obxectivas, a conciliación da vida familiar e laboral, a defensa dos dereitos fundamentais.

O empregado é o que ten que solicitar o acto de conciliación ante o Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC), un organismo que depende da Consellería de Traballo de cada comunidade autónoma. Para facelo teñen que realizalo dentro do prazo correspondente: no caso do despido son 20 días hábiles, que é tamén o tempo para presentar unha demanda. No caso de reclamar salarios ou o recoñecemento dun dereito o prazo é de un ano.

Unha vez solicitado o acto de conciliación, mediante a papeleta de conciliación, o SMAC citará nunha data, hora e lugar determinado ao traballador e á empresa para o acto de conciliación. Na maioría de casos a empresa entérase da reclamación do empregado ao recibir a citación do SMAC. O acto de conciliación celébrase ante un letrado conciliador ou un funcionario do SMAC e deben acudir: un representante da empresa e un traballador ou o seu representante legal.

O acto de conciliación laboral pode acabar de varias formas:

- Cando non se presenta o traballador: arquívase a papeleta de conciliación. Se o traballador aínda está en prazo de reclamar deberá empezar de novo todo o proceso.

- Con avenencia: significa que hai un acordo entre a empresa e o traballador.

- Sen avenencia: cando non hai acordo. Neste caso, o traballador pode presentar a demanda ante o Xulgado do Social, tendo en conta que ao presentar a papeleta de conciliación parouse o prazo para facelo.

- Intentado e sen efecto: cando a empresa non se presenta no acto. Na acta constará que a empresa non acudiu e se estaba correctamente citada.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito

Rúa Xesús Carro 15, 2,
Melide
Tlfs: 605 270 282
671 833 425

POR SER DE XUSTIZA

Outro 25 de novembro



Eva Novás
Avogada

O día 25 de novembro é o día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha lamentable conmemoración que parece cada vez máis necesaria. Case non hai semana no ano na que non haxa noticias sobre un novo asasinato dunha muller e, moitas veces, dos seus fillos. Rematado o mes de outubro, as fontes oficiais cifran en 51 as mulleres asasinadas e, segundo páxinas non oficiais, serían 87 as vítimas. Se atendemos ás estatísticas do Ministerio do Interior a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero, a finais do mes de setembro habería un total de 26.801 vítimas de violencia de xénero en Galicia e un total de 518.503 en toda España.

Non é unha cuestión privada. É, como di a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, o símbolo máis brutal da desigualdade que existe na nosa sociedade: trátase da violencia física, psíquica, sexual e económica que se dirixe contra as mulleres polo mesmo feito de ser mulleres e ser consideradas polos seus agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Estremece ver como esta violencia se dirixe tamén contra os fillos das vítimas, moitos deles nenos de curta idade.

Neste ano 2018 aprobouse o Real Decreto Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Esta disposición, moi cuestionada desde o seu nacemento por adoptarse a través de un procedemento de urxencia, engade diversas medidas e mecanismos de protección das vítimas de violencia de xénero que convén coñecer:

Os colexios de avogados deberán dispor o necesario para que as vítimas estean defendidas e asistidas dende o primeiro momento. Ademais, os avogados poderán representar á vítima ata que se lle nomee un procurador. Compre engadir que a gran maioría dos avogados que prestan asistencia ás vítimas reciben formación específica e están especializados na materia.

As situacións de violencia de xénero, que dan lugar ó recoñecemento dos dereitos para as vítimas que a lei establece, poderanse acreditar non só cunha sentenza senón tamén mediante o informe dos servizos sociais, dos servizos especializados ou mediante os informes que emitan os servizos de acollida de vítimas de violencia de xénero. Establécense axudas equivalentes a seis meses de subsidio de desemprego. Se a muller tivese recoñecida unha discapacidade igual ou superior ó 33%, o importe da axuda será equivalente a doce meses de subsidio de desemprego. E estas axudas son compatibles con calquera outra de carácter autonómico ou local concedida por mor da violencia de xénero.

Ademais, existindo sentenza de condena por violencia, non será necesario o consentimento do outro cónxuxe para prestar atención e asistencia psicolóxica ós fillos menores de idade, bastará con que se lle informe previamente.

Todos os medios son poucos para acabar con esta pandemia de violencia contra as mulleres que nos di que non somos tan iguais, tan libres nin tan civilizados como ás veces nos gusta pensar. E mentres estas medidas están para paliar os efectos da violencia, a prevención só se pode facer con educación, dende a casa e dende a escola.

Só queda mandar unha mensaxe de ánimo e de fortaleza a todas aquelas mulleres que estean sufrindo violencia ou que estean inmersas nun procedemento para saír dela. A denuncia é fundamental e somos moitos os profesionais que estamos plenamente implicados e á súa disposición para asesoralas e defendelas.

Eva Novás Mato
Avogada
Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Preto de 35.000 euros para melloras na gardería municipal



O Concello de Melide acometerá melloras na gardería municipal en canto á accesibilidade do edificio e do equipamento para o desenvolvemento da actividade, incluída a compra de mobiliario interior e exterior, e de material didáctico para o xogo.

Isto será posible grazas a unha axuda, recibida por parte da Consellería de Política Social, de 34.915 euros. Dita subvención está cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Esta axuda permitirá tamén que o edificio que alberga a gardería municipal sexa dotado de conexión a Internet e de dispositivos tecnolóxicos, como ordenadores ou encerados dixitais, para a integración das novas tecnoloxías na aula.

Dalia García, alcaldesa de Melide, explicou que esta axuda permitirá unha reforma na calefacción do edificio, así como a adquisición de novo mobiliario e outras actuacións que beneficiarán aos usuarios desta instalación municipal.

Concello e Deputación convidan aos veciños ao Teresa Herrera



centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

□□□□□
ÓPTICA
E. 15-001238

“Estamos facendo un plan de mercado para poder exportar a nivel internacional”

Se hai un mes por excelencia para as castañas ese é o mes de novembro, sinónimo de magosto e todo o relacionado con este produto. Crúas, asadas, cocidas, confeitadas, en xarope... de mil maneiras podemos gozar delas e iso sábeno ben en Petelar, empresa familiar melidense dedicada dende hai moitos anos á castaña. Petelar, cuxo nome vén da acción de sacar a castaña do ourizo, chegou a contar en temporada alta con ata 27 traballadores; agora, que as producións de castaña están a minguar polas condicións meteorolóxicas e a avispilla do castiñeiro, contan con 10 empregados en campaña e catro fixos o resto do ano. Coincidindo coa época de traballo máis forte, dende o Cerne achegámonos a coñecer polo miúdo os produtos que elaboran e os procesos que realizan ao longo de todo o ano, pois non só se dedican a este froito.

“A empresa Rubén Pacior S.L. nace no ano 2006 como un proxecto familiar co fin de adaptarse ás esixencias do mercado”, iso é o que podemos ler na páxina web de Petelar, mais a experiencia dos seus propietarios no sector vén de moito tempo atrás. “Son xa moitos anos, meu pai e meu avó xa se dedicaban a isto e eu levo desde os 10 ou 11 anos tamén no sector”, explica Rubén Pacior, a xeración máis nova encargada de xestionar agora o negocio familiar. “O noso forte é a castaña en fresco, pero tamén nos decidimos a facer durante todo o ano produtos elaborados, así temos por exemplo castañas en xarope, boletus fritidos en aceite, grelos ao natural, marmeladas de castaña e arandos, fariña de castaña, con esa fariña facemos cookies, e tamén temos un secadoiro onde secamos as castañas para vendelas así”.



Rubén cos produtos que comercializan actualmente, e momento no que pesan as castañas, almacenamento da fariña e limpando Boletus

Aproveitar a castaña como base para elaborar unha liña de produtos máis amplos conservando en todo momento a calidade da materia prima coa que traballan e diversificar apostando por novos produtos, esas foron as ideas dende o primeiro momento; obxectivos que conseguiron e que non deixan de medrar mantendo sempre uns procesos de elaboración “artesáns, naturais e tradicionais”.

“Decidimos traballar máis cousas que a castaña e por iso incluímos o grelo e o Boletus Edulis, produtos autóctonos. O boletus por exemplo fritímolo e dámoslle un toque de pementa, e iso todo vai nun bote de cristal, e despois co grelo facemos o mesmo proceso, pero escaldámolo e envasámolo en bote de cristal e en lata, todo ao natural”, explica Rubén.

Do mesmo xeito tratan as castañas. “A fariña por exemplo facémola coa castaña en fresco, é dicir, agora na temporada, ao rematar, deixamos unha serie de quilos para secar, secámolos e despois no muíño e no trituradador de castaña que temos, trituramos a castaña, metémola no muíño e facemos a fariña. Logo, a raíz da fariña de castaña elaboramos galletas con esa fariña, que son as cookies e que tan só






levan manteiga, fariña de castaña e azucre, nada máis. Despois tamén, coa castaña seca, que é a castaña pilonga, hidratámola e facemos castaña en xarope, e cos anacos que sobran facemos marmelada de castaña”.

A todo isto hai que sumarlle os arandos, pois na súa época, durante o verán, dende a empresa Rubén Pacior tamén elaboran marmelada de arandos.

O principal reto, combater os inimigos

Traballar coa castaña pode parecer doado a simple vista, mais como en todo sector hai sempre unha serie de inimigos a combater. Un deses retos pasa por frear a aparición do bicho, o verme, nas castañas. “Nós para vender a castaña ao mercado exterior temos que esterilizala, e para iso temos unha máquina esterilizadora. O proceso consiste en meter a castaña na auga a unha certa temperatura de calor e pasala rápido para auga fría, ese contraste rápido de quente a frío é o que fai que a castaña non teña o bicho, porque o verme de por si está dentro da castaña, é dicir, hai moitas castañas que xa o teñen dentro pero ao mellor aínda non se lle reproduciu, non naceu, e con este proceso garantes que non lle saia cando a mandes ao mercado”.

As outras dúas grandes problemáticas ás que os produtores de castaña veñen facendo fronte nos últimos anos son a aparición da avispilla e as condicións meteorolóxicas cambiantes. O tempo deste outono e os danos ocasionados pola avispilla do castiñeiro están provocando grandes perdas nas colleitas. “A Xunta está tratando de combater a avispilla con outra especie a través dunha guerra biolóxica en zonas como Sarria, Quiroga e zonas do sur de Lugo, onde as producións de castañas están bastante afectadas, pero aínda así este é un problema que imos a arrastrar durante anos porque xa vén de atrás. Empezou en Italia e, aquí, detectouse no sur de España, pero foise estendendo cara arriba sen atallar a problemática antes”. A isto hai que sumarlle unhas condicións climáticas que non axudan a que haxa produción e, polo tanto, que non se poida comprar castaña.

Menor volume de negocio, pero boa calidade

Neste senso, Rubén sinala que pese a estar en plena campaña o volume que están a mover non se asemella para nada ao de anos anteriores. “O ano pasado baixaron moito os quilos que movemos debido á calidade da castaña. Tivemos anos nos que facturamos dous millóns de euros, pero por exemplo o ano pasado o volume baixou aos 700.000 euros, e este ano a previsión é que facturemos máis ou menos o mesmo que o anterior porque non hai xénero”.

En quilos, apunta Rubén, a diferenza chegou a ser de comprar preto de un millón e medio, case dous millóns, de quilos de castañas hai tres anos, a “manexar 700.000 quilos a temporada presente”.

Pese a todo isto, Rubén destaca a boa calidade da castaña na comarca. “Hai moi boa calidade en Melide, Palas, e tamén en Toques. Moitas variedades e tamén boas”, di.

En Petelar mercan a castaña que denominan de Lugo, “que tamén abarca as de Melide”, e onde as variedades están todas mesturadas. Non ocorre o mesmo coa castaña de Ourense, “onde diferencian cada variedade, o produto aguanta moito máis tempo e, polo tanto, é tamén máis cara”.

Distribución internacional

Os produtos comercializados baixo a marca Petelar que esta empresa melidense distribúe no mercado poden atoparse en establecementos galegos de zonas como A Coruña, Lugo, ou Santiago, non obstante, “os produtos elaborados aínda están por explotar ao 100%”, explica Rubén. “Isto quere dicir que estamos a facer un plan de mercado para empezar a exportar a nivel internacional. Temos unha empresa que nos está abrindo mercado para Dubái, e a nosa intención é vender o produto fóra; elaborar produtos e exportalos, mandalos a grandes cidades de España, por exemplo Barcelona, Madrid ou tamén o País Vasco, pero tamén a lugares como Alemaña, Suíza ou Dubái porque sabemos que o mercado destes produtos está aí”. Esta empresa melidense atópase agora mesmo acabando coa segunda fase do proxecto que implica aos produtos elaborados e instalando as máquinas noutra nave industrial.

Compra de castañas

Para poder mercar as castañas, dende Petelar lembran que o único requisito é que estas non veñan en sacos de fertilizantes nin de produtos químicos, xa que daquela non poderían comercializarse. “Poden traelas en sacos de rede, en caixas de cartón ou sinxelamente en bolsas de plástico, e para poñerse en contacto con nós poden facelo a través do teléfono que hai na páxina web (www.pacior.com), nas redes sociais, ou vindo directamente á nave que temos no polígono industrial da Madanela”.

SMART TONIC®

LA ESTRELLA DE LAS GAFAS

Todas las edades, cualquier graduación*



TU GAFA SMART TONIC®
CON 2 CLIPS

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97


ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

*Esta montura de la colección Afflelou Tonic – Smart Tonic podrá ser equipada con cristales graduados. Para una perfecta sujeción de los SmartClips, algunas graduaciones necesitarán la realización de un estudio previo de factibilidad.

As obras para o novo centro de saúde comezarán no mes de maio

O conselleiro de Sanidade presentou en Melide o proxecto, no que a Xunta inviste máis de 2,5 millóns





Imaxes que recrean como será o futuro centro de saúde de Melide, e presentación do proxecto á que asistiron, ademais do conselleiro de Sanidade e a alcaldesa da vila, traballadores do ambulatorio





Coa licenza de obra xa outorgada, a Xunta de Galicia ten previsto adxudicar a comezos do vindeiro ano a construción do novo centro de saúde de Melide e que as obras dean comezo "para o mes de maio". Así o anunciou o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, durante a súa visita a Melide con motivo da presentación do proxecto básico do novo ambulatorio, e onde puido visitar os terreos nos que se situará esta nova infraestrutura sanitaria do Sergas.

"Tivemos uns problemas iniciais, pero preferimos esperar a ter as condicións para poder executar un proxecto de planta baixa que fose máis accesible e con todos os servizos integrados, é un edificio que incrementa nun 60% a superficie que tiña, e que aglutina todos os servizos nun só edificio; vai ser o centro médico de referencia para toda esta comarca para os próximos 30 anos", destacou o titular de Sanidade.

Será a Consellería de Infraestruturas a que asuma a tramitación administrativa unha vez reciba a encomenda da Consellería de Sanidade, tal e como explicou Almuíña: "as obras fainas a Consellería de Infraestruturas; faremos a encomenda nas próximas semanas e a idea é que a principios do ano que vén poidamos ter xa unha empresa adxudicataria e iniciar as obras e, dependendo sempre dos prazos, que para o mes de maio poidamos ter iniciado o que é a obra". O conselleiro de Sanidade sinalou ademais que "como esta é unha obra que non vai a ter impedimento para traballar na zona actual de asistencia", será "máis fácil realizar os traballos sen molestar aos pacientes".

O investimento do Goberno galego na construción do novo centro de saúde de Melide será dun total de 2.506.400 euros e incluirá tamén o Punto de Atención Continuada (PAC). Construirase nunha parcela cedida polo Concello de case 5.000 metros cadrados e situarase próximo ao actual, agrupando todos os servizos sanitarios nun só edificio. A superficie construída pasará así dos actuais 1.200 metros cadrados a 1.928, o que representa un incremento do 60,69%.

Características

O novo edificio, dunha única planta para favorecer a accesibilidade a todos os seus puntos, estará estruturado en catro áreas diferenciadas: a de medicina xeral e servizos comúns; a de pediatría; a de fisioterapia e o Punto de Atención Continuada (PAC).

En canto ao plan funcional, contempla 5 consultas de medicina de familia e 5 de enfermería, 1 de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 sala de toma de mostras, 1 consulta de farmacia, 1 consulta de matrona, sala de educación sanitaria, consulta de odontólogo e de hixienista e unha zona de fisioterapia que conta cunha ampla sala para ximnasio, ademais da consulta, cabinas de tratamento e sala de espera. Asemade, contará con esperas, sala de xuntas, e estar do persoal, aseos, recepción, arquivos, almacéns, entre outros espazos.

Finalmente, o PAC disporá dunha consulta de medicina e unha consulta de enfermería, sala de reanimación-observación, recepción, aseos, vestiarios, esperas, tres dormitorios e sala de estar do persoal.

O concello de Melide ten, na actualidade, 7.025 tarxetas sanitarias, das que 798 son pacientes en idade pediátrica. Mentres, as urxencias dan cobertura a 9.600 pacientes dos concellos de Melide, Toques e Santiso, sendo a media diaria de 26 atencións.

Cautela entre os socialistas

Dende o PSdeG-PSOE de Melide recibiron o anuncio da próxima construción do novo centro de saúde con "cautela". "Agardamos e alegrarémonos de que pronto sexa unha realidade. Non queremos máis publicidade. O prazo para o comezo das obras de 6 meses cando faltan 7 para as eleccións municipais non é satisfactorio. É importante o comezo e o remate porque dende o ano 2009 que entrou o PP na Xunta, e o 2011 que entrou o PP no Concello, Melide leva soportando mentiras, anuncios, promesas, presentacións, desculpas e máis mentiras", apuntou o voceiro socialista, José Prado.

As declaracións dos socialistas tiveron resposta por parte do Concello a través dun comunicado no que apuntaron que ao acto de presentación do proxecto do centro de saúde tamén "foi convidada a oposición e non tivo presenza". A alcaldesa de Melide, Dalia García, criticou así mesmo que "logo de ver a cesión dos terreos o pasado agosto", os socialistas non volveron a interesarse polo centro de saúde ata que se presentou o proxecto por parte da Xunta hai unhas semanas. García instou ademais á oposición socialista "a ser responsable con Melide".

Mellores instalacións, pero sen aumento de persoal nin de servizos

As deficiencias do actual centro de saúde e a demanda de reforzo de persoal non pasaron desapercibidas durante a presentación do proxecto do novo ambulatorio para Melide. E é que as queixas dos traballadores son continuas, tanto no que atinxe ao mantemento das infraestruturas por parte do Concello como á solicitude de maior dotación de persoal. "O centro médico está mal illado, entra a humidade por todas partes, a calefacción non funciona a pleno rendemento e aínda que reclamemos ao Concello por escrito ou chamando, tardan en arranxar os problemas, cando os arranxan, e xa non protestamos por nós, senón polos pacientes", sinalou unha das traballadoras. "Iso por non mencionar a problemática que sufrimos todos os anos no verán; levamos anos reclamándolle ao Sergas reforzo para os meses de xullo e agosto, porque entre os turistas, peregrinos e veciños chega a duplicarse a poboación, e nunca atenderon as nosas demandas, ata que algún día pase algo".

En relación a isto, durante a presentación do proxecto o conselleiro de Sanidade xa anunciou que tampouco se contempla un aumento de persoal para o novo ambulatorio. "A dotación de persoal vai sempre segundo as necesidades de cada área, e o número de pacientes atendidos é dunhas 26 asistencias ao día, é dicir , estamos falando practicamente de un á hora, se hai incremento pois valorarémolo. Neste momento cremos que está equilibrada esta media de asistencias", dixo aludindo a que a poboación na comarca "está estable e non está crecendo". Do mesmo xeito, tamén descartou un aumento nas prestacións sanitarias para Melide co novo centro médico, "ten unha carteira moi completa agora mesmo; e o que desde logo deixamos para os próximos anos é un edificio que ten a capacidade de mellorar e de ter máis servizos, e segundo as necesidades así o faremos", concluíu.

CCOO denuncia que a alcaldesa non respecta os dereitos laborais



O sindicato Comisións Obreiras (CCOO), denunciou que o Concello de Melide "vulnera o dereito á negociación colectiva" dos seus traballadores. "Desde o 2014", din, "o sindicato leva esixindo a apertura dunha mesa de negociación sen que a anterior rexedora nin a actual atendesen as reivindicacións. Naquel ano presentou un expediente de mediación perante o Consello Galego de Relacións Laborais, cando a rexedora municipal era a hoxe conselleira Ángeles Vázquez".

Ante isto, lamentan que "nin Vázquez nin García Couso —no cargo desde outubro do 2015— tivesen interese en desbloquear a situación, malia que iso signifique vulnerar o dereito do persoal municipal á negociación colectiva. De feito, o 27 de novembro do 2014 —aínda gobernando Vázquez— anunciouse a convocatoria da dita mesa, pero case catro anos despois nunca máis se soubo", denunciou o sindicato, que reiterou as peticións nos anos seguintes.

O último episodio tivo lugar o pasado mes de xuño. Tras as protestas do persoal en maio, o Concello decidiu contratar unha empresa externa "para, supostamente, desbloquear e axilizar a situación. Porén, cinco meses despois, non hai avance ningún nin tampouco reunións cos sindicatos", apuntou CCOO.

Comeza, con atraso e polémica, o curso no conservatorio profesional de música

O Concello de Melide aprobou en Xunta de Goberno Local as tres prazas pendentes para poder dar comezo ao curso do conservatorio profesional de música, un mes despois do previsto, e que correspondían ás materias de canto, guitarra e acordeón, e clarinete e saxofón.

O inicio do curso non estivo exento de polémica un ano máis debido ás críticas vertidas nun primeiro momento polo voceiro do PSdeG-PSOE, José Antonio Prado, en relación ao atraso no comezo das clases.

"Un ano máis as clases empezarán tarde e, polo tanto, sen cumprir a lexislación autonómica vixente que marca o 17 de setembro como día de inicio das ensinanzas de réxime especial", apuntou Prado, que responsabilizou da situación á "falta de previsión do Goberno local" por non convocar antes as prazas. "A Alcaldesa e a concelleira de Educación amosan outra vez máis a súa incapacidade de xestión do conservatorio, e non serven, igual que non servían as desculpas de anos anteriores", insistiu.

Ante estas críticas, e trala aprobación das prazas pendentes para poder iniciar o curso, a alcaldesa de Melide, Dalia García, defendeuse aludindo á necesidade dos trámites de matrícula para o cálculo de horas por modalidade oficial ou libre do alumnado para fixar os horarios de cada docente, así como aos axustes necesarios por materia dependendo do curso oficial ou libre.

García tamén lembrou que dende o pasado día 15 de outubro están en activo os profesores de violín, piano, percusión, frauta, violonchelo, contrabaixo, trompeta, xefatura de estudos, iniciación á música e linguaxes musicais, e destacou que unha vez coñecida a matrícula e elaborados os cálculos salariais por docente "o goberno non tardou en resolver máis de sete días o inicio do curso, así como a preparación das bases de contratación das especialidades descubertas".

Luns de Pascua e o día do Carme, festivos locais en 2019

O Concello de Melide fixo públicos os festivos locais para o vindeiro ano 2019. Serán o luns de Pascua, que coincide o 22 de abril, e o martes 16 de xullo, coincidindo coa festividade do Carme. Os festivos habituais no Concello de Melide son sempre o día do Carme e o día de san Pedro, patrón melidense. No vindeiro ano 2019, ao coincidir este último en sábado, decidiuse coller como festivo local o luns de Pascua.

A Xunta inicia as obras de reforzo do firme da estrada AC-840 en Melide

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia iniciou as obras de reforzo do firme en seis estradas de titularidade autonómica ao seu paso por varias comarcas, entre as que se atopa a de Melide. As melloras afectarán así á estrada AC-840 ao seu paso por esta vila onde se actuará para mellorar as condicións de seguridade.

As melloras consistirán en reparacións do firme que permiten prolongar a vida útil do pavimento, segundo as necesidades observadas en tramos localizados na estrada AC-840, entre os puntos quilométricos 36 e 49 onde ademais recentemente o Goberno autonómico renovou a rede de pluviais.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, apuntou que "estamos satisfeitos porque é unha demanda de hai tempo, xa que se trata dun viario que é fundamental para a zona cunha media diaria de tráfico rodado moi alta, de 3.000 vehículos ou máis". García agradeceu o apoio da Xunta neste senso e destacou que continuará "demandando actuacións nesta vía básica para o municipio".

As obras contan cun prazo de execución de catro meses.



A conselleira de Infraestruturas visitou as obras de renovación de pluviais na AC-840 o pasado mes de outubro

25N - Contra a Violencia de Xénero



Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, o Concello de Melide organiza ao longo de todo o mes unha serie de obradoiros, talleres e mesas de sensibilización, ademais dunha xornada de respiro dirixida a mulleres. O programa pode consultarse no propio Concello e a través das súas redes sociais.

IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES 2018-2023

Ao mesmo tempo, o Concello de Melide, dende o seu departamento de Igualdade e Benestar, traballa para aprobar no vindeiro pleno, previsiblemente, o IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes 2018-2023. Este Plan, terá como principal obxectivo ser un instrumento de traballo a partir do que se poñan en marcha accións orientadas a solucionar toda situación de desigualdade das mulleres, e encamiñadas a lograr unha igualdade real e efectiva entre sexos, convertendo en beneficiarias das mesmas a todas as persoas, "xa que tales accións deben estenderse ao conxunto da sociedade", indicaron.

Críticas ao goberno local polo mal mantemento dun parque infantil



Os socialistas de Melide recolleron días atrás as queixas de nais e pais "polo mal estado no que teñen que xogar os seus fillos no parque infantil situado no Palacio de Congresos". Segundo indicou o seu voceiro, José Antonio Prado, "pódese observar con claridade a suciedade, xa que é habitual que os pequenos xoguen rodeados de lixo", e "quéixanse tamén", dixo, de que "é unha pena que a limpeza deste lugar, empregado polos nenos ao longo dos meses de clima máis duro, teña un servizo de limpeza só cando hai eventos de relevancia". A través das queixas recollidas, Prado instou ao goberno local a programar un "mantemento axeitado".

A resposta por parte do goberno local a esta denuncia non se fixo esperar e, dende o Concello, aclararon que "se procede periodicamente á limpeza dos espazos públicos municipais", incluído o Palacio de Congresos. Do mesmo xeito, instaron aos socialistas a "comprobar os feitos antes de verter desinformacións", así como a todos os cidadáns a comportarse con civismo no coidado das instalacións.

Recoñecemento a dúas granxas locais nos premios Exceleite

A segunda edición dos Premios Exceleite á excelencia hixiénico-sanitaria das explotacións leiteiras de leite cru de vaca, recoñeceron desta volta o traballo de dúas explotacións de Melide: Gandería Fraga, de Folladela, galardoada por segundo ano consecutivo; e María Gómez, da parroquia de Golán.

5.000 participantes

Preto de 5.000 granxas galegas podían optar a estes premios, todas as que están inscritas no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada (Recaldi) e que, polo tanto, están en disposición de usar o distintivo de calidade Galega 100%. Delas seleccionáronse, con criterios técnicos, as 50 explotacións finalistas e posteriormente os 20 recoñecementos entregáronse nun acto celebrado en Vilalba.

Unha ponte nova para unir os municipios de Arzúa e Melide



Medio Rural iniciou as obras da ponte que une os lugares de A Mella, no concello de Arzúa; e Baltar, no municipio de Melide, trala obtención dos permisos necesarios por parte de Augas de Galicia. As actuacións que se realizarán consistirán na reposición da drenaxe transversal sobre o río e, dado que a estrutura actual se atopa nun estado deficiente, demolerase a obra existente para facer unha nova cimentación e o pórtico, ademais de reafirmar o camiño.

Esta actuación, que ten un orzamento aproximado de 150.000 euros, suporá un aumento da seguridade xa que, en palabras da alcaldesa de Melide, Dalia García "a nova ponte poderá sorportar de xeito seguro e firme as grandes tonelaxes de vehículos agrogandeiros e lácteos que por ela circulan no seu día a día".

FOTO DENUNCIA







Cómpre sempre extremar as precaucións cando transitamos por unha vía, tanto se somos peóns como se somos condutores. Convencidos disto, dende o Concello de Melide realizaron estes días traballos de reforzo de sinalización nun tramo de aproximadamente seis quilómetros do Camiño Primitivo a súa entrada na vila. Di a alcaldesa de Melide, Dalia García, que dende o goberno local poñen en marcha ao longo do ano "diferentes iniciativas para coidar o Camiño de Santiago, un recurso que dinamiza cultural e economicamente a nosa vila a maior parte do ano". Moito menos debe dinamizar a Travesía da Martagona onde, a falta de sinalización vertical, as fochancas e o mal estado da estrada xa actúan como axente de seguridade á hora de reducir a velocidade.

Brigadas antiincendios realizaron unha franxa cortalumes no polígono



Dende o pasado mes de xullo e ata comezos de novembro o persoal das brigadas antiincendios do Concello de Melide realizou labores de vixilancia e defensa, así como traballos de prevención de forma manual e mecanizada. Neste senso, o Concello de Melide contou este ano con dúas brigadas que compuxeron un equipo de dezaseis persoas: once operarios, dous xefes de brigada e tres motobombistas. Máis polo miúdo, este equipo realizou traballos no desbroce de pistas, limpeza de maleza nos arredores dos centros sociais das parroquias do rural, limpeza de masas comúns de parcelaria e de espazos de depósito de madeira. Así mesmo, este ano fíxose especial fincapé na limpeza das parcelas próximas ao polígono industrial de Melide realizando un anel de protección de aproximadamente sete hectáreas que circunscribe esta zona para crear unha franxa cortalumes.

Máis de 83.600 euros para a mellora de camiños municipais durante 2018

A comarca recibirá un investimento semellane en 2019

A través do Plan Marco, a Consellería do Medio Rural inviste este ano na área de Santiago máis de 726.000 euros para a mellora de camiños municipais e accesos a explotacións agrarias.

Entre os municipios beneficiados desas axudas atópanse os de Melide, Santiso e Toques cun investimento total correspondente a 83.686,50 euros en 2018. Para a anualidade de 2019 está prevista a mesma cantidade, de xeito que o investimento total na comarca nestes dous anos será de 167.373 euros.

Na súa meirande parte os arranxos consisten na limpeza de gabias, construción de firmes, reparación de fochancas e sinalización, entre outros traballos.

O Plan Marco significou para os municipios da área de Santiago un investimento en 2018 de 726.000 euros, ao que hai que engadir outros tantos para 2019 ata sumar nas dúas anualidades máis de 1,4 millóns de euros.

Trátase dunha axuda cofinanciada nun 75% con Feader no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 para a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria. No total provincial o investimento na Coruña é de 4,6 millóns.

Dende a Xunta de Galicia quixeron destacar que os criterios para o reparto dos fondos foron acordados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

CAMIÑOS MUNICIPAIS AGADER COMARCA TERRA DE MELIDE

CONCELLO	ASIGNACIÓN	ANUALIDADE 2018	ANUALIDADE 2019
MELIDE	70.849,00 €	35.424,50 €	35.424,50 €
SANTISO	51.536,00 €	25.768,00 €	25.768,00 €
TOQUES	44.988,00 €	22.494,00 €	22.494,00 €
TOTAL	167.373,00 €	83.686,50 €	83.686,50 €

Aberto o prazo ata o 15 de novembro para participar no programa *Xuntos polo Nadal*

A Xunta de Galicia organiza un ano máis o programa Xuntos polo Nadal, que este ano amplía a súa oferta en 20 prazas máis ata un total de 260, 130 na residencia do Carballiño e outras tantas na de Panxón, en Nigrán.

Esta iniciativa ten o obxectivo de xuntar ás persoas maiores de 60 anos que se atopan soas nesas datas. Na residencia do Carballiño reúnense as persoas de Lugo e Pontevedra e na de Panxón as da Coruña e Ourense.


O programa comezará o 23 de decembro de 2018 e rematará o 7 de xaneiro de 2019. Inclúe aloxamento en habitacións compartidas, manutención en réxime de pensión completa e a participación en actividades de animación sociocultural. Ademais, o programa inclúe o desprazamento en autobús desde diversos puntos de Galicia ata a residencia de tempo libre adxudicada.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 15 de novembro e deberán ser presentadas nas Xefaturas Territoriais correspondentes. Todos os interesados poderán obter máis información nos respectivos Concellos da comarca.

As persoas participantes con ingresos inferiores ao IPREM (537,84 euros/mes) asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas con ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50 euros.

Para a selección dos participantes darase preferencia ás persoas que perderan o seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen no últimos anos, teñan máis idade, teñan un menor nivel de ingresos económicos e non participasen no programa Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.

Toques celebra a súa IV Feira de Exaltación de produtos da zona



No concello de Toques celebrarán o vindeiro **sábado 24 de novembro a IV Feira de Exaltación de produtos da zona** dentro do "Encontro en Outono". Será a partir das cinco da tarde na aula da natureza.

Actividades para maiores

Dende o Concello de Toques lembran tamén que xa están en marcha as actividades para as persoas maiores, pero que **todos aqueles que estean interesados en participar aínda poden anotarse**. A oferta é variada e inclúe ximnasia, taller de manualidades, obradoiro de memoria dous días á semana, ademais de festas, saídas, viaxes ao longo de todo o ano e tratamentos no balneario de Pambre. Dende o consistorio animan aos maiores a participar xa que ademais hai transporte para a súa realización. Mais información, no concello de Toques ou no teléfono 981 50 58 26.

Feira Gastronómica do Outono en Sobrado o 10 e 11 de novembro



Desempregados de Melide, Boimorto e Sobrado fórmanse en coidados da natureza

O pasado 2 de novembro deu comezo o obradoiro de emprego "Melide-Boimorto: Natureza no Camiño de Santiago", no que participan un total de 20 alumnos e alumnas. O obradoiro, promovido pola Xunta e do que foron beneficiarios estes dous Concellos, centrarase na instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e terá unha duración de nove meses.



Visita do conselleiro de Economía, Industria e Emprego ao obradoiro de Melide (Foto: XG)

Dividirase en dúas especialidades, por unha banda as actuacións auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, e pola outra na instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, cun orzamento total de 303.807 euros.

O obradoiro permitirá que un total de 20 persoas desempregadas dos concellos de Melide e Boimorto se formen nun oficio mentres realizan tarefas en beneficio de espazos e instalacións públicas na contorna do Camiño de Santiago. Así, en Melide adecuarase o espazo fronte aos centros socioculturais de Furelos e San Martiño, e en Boimorto actuarase na zona axardinada no entorno do punto de atención á infancia; a residencia de persoas maiores e o centro de día; centro médico e centro social municipal de maiores.

Ao remate, os participantes recibirán un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado e, 10 dos participantes, contarán cun contrato en prácticas de polo menos tres meses máis nunha empresa da zona vinculada ás materias nas que se formaron.

Obradoiro en Sobrado

En Sobrado dos Monxes tivo lugar tamén o arranque oficial do obradoiro de emprego "Terras da Montaña II", promovido polo Concello, no que se van formar, ao igual que no caso anterior, 20 alumnos e alumnas durante os próximos nove meses na especialidade de "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería".

Toques inviste máis de 188.000 euros na mellora de camiños rurais

O Concello de Toques, xunto coa Deputación da Coruña, destinará 188.635 euros á mellora de camiños rurais. Concretamente, o Camiño Bolleiro a Quenllas, o Camiño de Souto a Mangoeiro, e o Camiño na Carballeira en Ordes, verán mellorada a súa pavimentación e seguridade. Nestas actuacións investiranse preto de 92.600 euros.

Igualmente, mellorarase a pavimentación en Camiño de Franqueán en Santa Eufemia, no acceso a Chente en Brañas, no Camiño do cruce de Vilares na Graña e Curros na Capela, no acceso a Irago de Abaixo en Vilamor, no Camiño de Quintá e en Porto Salgueiro. Nestes traballos o investimento será de algo máis de 96.000 euros.

O rexedor local, Miguel Buján, destacou que se trata de obras "moi demandadas polos veciños que agora se tornarán realidade" e agradeceu a colaboración da Deputación da Coruña nos traballos. As empresas interesadas en presentar ofertas terán de prazo ata o día 20 de novembro.

Curvas do Toxo

Rematado o prazo o pasado 15 de outubro para recibir as propostas das empresas interesadas en realizar as obras de eliminación das curvas do Toxo, no municipio de Toques, foron finalmente un total de 14 as construtoras que presentaron a súa oferta ao concurso convocado pola Deputación da Coruña. Pendentes agora deste último trámite, dende o Goberno local agardan que as obras comecen canto antes.

Unha andaina e unha ruta BTT completaron o magosto en Visantoña



Deporte e gastronomía non son incompatibles, e senón que llelo digan aos veciños de Santiso que este ano celebraron o tradicional magosto cunha andaina e unha ruta BTT incluídas. A Asociación O Noso Lar foi a encargada de organizar a cita en Visantoña, xuntando a decenas de persoas que puideron degustar polbo e churrasco. Previamente, en colaboración co Concello de Santiso, celebrouse unha andaina e unha ruta BTT cun "éxito rotundo" de participación, case 100 persoas entre camiñantes e ciclistas. A andaina, duns nove quilómetros, transcorreu ao longo do encoro pasando polas aldeas da parroquia de Visantoña. Pola súa parte, a ruta BTT, denominada "As dezasete de Santiso" e a primeira na comarca e única en pasar polo punto onde se xuntan as tres provincias, fixo que os participantes gozasen dos camiños que percorren as dezasete parroquias de Santiso. O éxito da iniciativa foi tal que todos e cada un dos participantes felicitaron aos membros da Asociación e do Concello por facer posible ambas rutas, e animaron aos organizadores a repetir a experiencia o vindeiro ano.

Curso de defensa persoal en Santiso

O Concello de Santiso organiza un curso de defensa persoal para mulleres e mozas, dentro da campaña de prevención de situacións de violencia de xénero. Será durante dúas xornadas: o **10 de novembro de 16 a 20 horas en Visantoña**, e o **17 de novembro tamén de 16 a 20 horas en Ponte Arcediago**. As interesadas en participar poderán obter máis información e anotarse no Concello de Santiso chamando por teléfono ao 981 81 85 01.

Arranca a campaña de vacinación

A campaña de vacinación antigripal da Consellería de Sanidade desenvolverase ata o 28 de decembro e poderán vacinarse en 250 puntos da xeografía provincial as persoas de 60 ou máis anos, e persoas de 6 meses a 59 anos con algunha patoloxía crónica. Unha das novidades da campaña deste ano é o uso dunha vacina antigripal tetravalente, a aplicar nas mulleres embarazadas e nos menores de 15 anos que presenten algunha condición de risco.

Lecer para os máis cativos de Santiso

O domingo **18 de novembro** celebrarase no novo centro sociocultural de Visantoña, ás 17.30 horas, o Día do Neno. Os máis pequenos poderán gozar coas actuacións de Kote Malabar, co espectáculo Cirkote; e o Mago Román que traerá o espectáculo Labirinto de ilusións.

Lecer en Toques

Na Aula da Natureza de Toques está previsto o obradoiro de baile "A bailar con Pedeslán". Será o **xoves 15 de novembro** ás once da maña e estará aberto a todos os públicos.

Por outra banda, o Concello dispón de entradas para asistir aos partidos de fútbol que terán lugar **en Riazor con motivo do Trofeo Teresa Herrera o 14 de novembro**. A iniciativa, posta en marcha en colaboración coa Deputación da Coruña, conta con seis entradas dispoñibles polo que, en caso de haber máis solicitudes, celebrarase un sorteo para adxudicar as entradas. Para poder optar a elas é preciso anotarse antes do luns 12 de novembro ás 12.00 do mediodía nos teléfonos: 981 50 58 26 e 626 445 816. O Concello proporcionará o medio de transporte.

Medio Rural permite de novo a queima de restos agrícolas

Desde o pasado 1 de novembro a Consellería do Medio Rural permite de novo tramitar permisos para facer queimas de acordo coa normativa de aplicación debido a que rematou o período de alto risco de incendios e que as condicións meteorolóxicas así o permiten. Isto significa que dende o 3 de novembro pódense realizar queimas previamente comunicadas.

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel

N.R.S. [0177-GAL-SPO]




Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com
tuboutik.blogspot.com



Cumprimos **6 anos** e queremos celebralo contigo! Por iso, **do 12 ao 18 de novembro**: descontos do **20% en TODOS os produtos**! Non faltes!

DÚSA

sistemas de elevación

para su vivienda o negocio



Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com



Especial rehabilitaciones Espacios Reducidos

Ascensores y Montacargas



Rehabilitación hueco de 700 x 1380 mm







Disfruta Froitería

Ronda da Coruña, 18

15800 Melide (A Coruña)

Tlfn.: 639 08 50 87





COMPRA DE CASTAÑAS FRESCAS





“As mellores da tempada”

Se tes castañas para vender, vén e visítanos.
Estamos no polígono da Madanela e abrimos todos os días durante a tempada en horario de:

9:30 a 13:30
e de 15:00 a 22:00

PETELAR
PRODUCTOS DE CASTAÑA

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de ‘Techlan’ o ‘Dektom’

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

marmolería melide

Parque Empresarial
La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

Manuel Buján

Carpintería. Cocinas y Baños

Tfno. 981 507 421
Móvil. 610 569 393
Avda. de Lugo, 99 C.P. 15800
Melide (A Coruña)

www.cocinasmanuelbujan.com
mueblesbujan@gmail.com

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

DUSA

para su vivienda o negocio

Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com

Elaborados Metálicos







Estructuras - Naves - Escaleras - Caldelería - Entreplantas

Falamos con: Charo Barca, Presidenta da Fundación Andrea

"Entidades como a nosa son realmente imprescindibles para as familias"

Que o pobo de Melide é solidario está máis que demostrado. Nas últimas semanas a ola de solidariedade xurdida tanto dos ámbitos públicos (centros educativos por exemplo), como dos privados (comercios, hostalería, etc), co obxectivo de recadar fondos para a ***Fundación Andrea*** *de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais*, foi tal, que dende o Cerne quixemos coñecer o labor desta entidade para contribuír dalgunha maneira a difundir o seu traballo e as causas polas que loitan.


Charo Barca

"A Fundación Andrea leva algo máis de 12 anos en funcionamento, foi constituída no ano 2006", explícanos Charo Barca, presidenta da entidade.

Xorde a raíz do falecemento da súa filla maior, a pequena Andrea. "Durante oito anos desvivímonos por poder encontrar para ela todo aquilo que puidese axudar a sobrelevar mellor o seu día a día e, tralo seu falecemento, apoiándonos nas nosas propias experiencias e nas de outras familias que coñecemos durante a enfermidade de Andrea, cremos que había cousas que podiamos facer para intentar mellorar a vida de outras familias con nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, pero con recursos limitados".

"Na súa memoria" puxeron en marcha este "fermoso proxecto" que implica o apoio a familias de toda a comunidade e, de forma moi activa, "a aquelas derivadas do Hospital Clínico Universitario de Santiago, ao ser este un centro de referencia para o tratamento de moitas patoloxías pediátricas que conlevan longos períodos de hospitalización".

Obxectivos

A principal finalidade desta Fundación sen ánimo de lucro é "a atención e apoio económico, moral e informativo ás familias que, con escasos recursos económicos teñen que afrontar este tipo de enfermidades nos seus fillos". Para iso, contan fundamentalmente con tres proxectos en marcha. "Os nosos esforzos céntranse en tres áreas realmente importantes: a área de proxectos de axuda familiar, a área de proxectos para familias desprazadas, e a área de proxectos hospitalarios".

Na primeira, a Fundación facilita psicoterapia, fisioterapia, logopedia, hidroterapia, adecuación de vivendas, equipamentos ortopédicos e terapia musical que se facilita de forma privada ás familias.

Na segunda área, as *Casitas* da Fundación son fundamentalmente proxectos para familias desprazadas que se ven na obriga de acompañar a un fillo hospitalizado por un longo período de tempo. Estas vivendas atópanse situadas moi preto do Hospital Clínico de Santiago. Cómpre destacar que a Fundación Andrea tamén proporciona becas para familias desprazadas a outros hospitais de España.

Finalmente, a área de proxectos hospitalarios dedicouse á "dulcificación" de espazos pediátricos nos hospitais, co obxectivo de facer máis agradable a estancia dos nenos enfermos e das súas familias no Hospital Clínico de Santiago.

Máis de 2.000 familias

"Somos unha institución modesta que realiza un traballo moi importante do que nos sentimos moi orgullosos e que está supoñendo unha enorme axuda para moitísimas persoas". Tanto é así, que dende a súa constitución no ano 2006 son máis de 2.000 as familias que se beneficiaron das súas axudas, "e entendemos que este ano 2018 rematarémolo habendo axudado a máis de 200", apunta Charo. "Entidades como a nosa, desde a que intentamos ser útiles, eficaces e axudar en todo aquilo que resulte factible son realmente imprescindibles para as familias", engade. "O noso maior desexo de futuro é que poidamos seguir apoiando de maneira eficaz e áxil ás familias que poidan necesitarnos, e ser capaces de seguir apoiando como ata o de agora, ao maior número de nenos posible".

Melide, un pobo solidario

Coñecidos os seus obxectivos e o labor que desenvolve, son moitos os veciños e veciñas de Melide, institucións públicas, iniciativas privadas e anónimas, que nas últimas semanas se decidiron a botar unha man á Fundación Andrea. O motivo, axudar á Fundación por suposto, pero tamén a unha familia melidense que está a pasar por este transo, a familia de Alexandra e con cuxa mamá, Sonia Valiño, o Cerne ten unha vinculación moi especial, pois durante preto dunha década foi presidenta da Asociación de Empresarios Terra de Melide.

"No noso caso eu só podo dicir que o noso pobo é algo incrible. A forma en que nos están apoiando e a calor que nos está transmitindo a xente de Melide é algo que desborda toda previsión, é incrible todo o cariño que nos están facendo chegar en momentos nos que unha só pensa en sobrelevar isto. Eu teño que agradecer a todos e a cada un deles ese apoio, e teño que agradecerlles... moito, non, o seguinte. Porque en momentos así o que máis necesitas é o apoio e o cariño dos teus, sexan familia, amigos, veciños ou quen sexa", explica Sonia.

Con voz algo cansada, pero decidida, Sonia recolle o calor de todo un pobo e afirma que a mellor estratexia para afrontar unha situación así é sempre "pensar en positivo".

Numerosas iniciativas

O apoio e a solidariedade amosados polo pobo de Melide foi tal que dende hai semanas as iniciativas, tanto en relación coa familia de Sonia como coas fundacións e entidades que se dedican a esta causa, non deixaron de multiplicarse.

Así por exemplo, o colexio Mestre Pastor Barral de Melide está a ser un dos máis implicados. Días atrás participou, xunto ao Colexio número 2 e a máis de 900 centros educativos de toda España, nunha carreira solidaria que dende hai catro anos organiza a Fundación Uno entre cien mil, co obxectivo de recadar fondos a favor da investigación da leucemia infantil. Non só os alumnos e alumnas, senón tamén os pais, nais, docentes do colexio e veciños do municipio participaron nesta causa solidaria.

Do mesmo xeito, baixo o lema "Coa nosa forza loitarán máis e mellor", tamén as nais de primeiro curso do CEIP Mestre Pastor Barral organizan para o sábado 15 de decembro, ás 21.30 horas, unha cea no Hotel Carlos 96 de Melide a favor da Fundación Andrea e en apoio á compañeira dos seus nenos. As entradas para asistir ao evento están a venda na tenda Muxica Tenda Xoven e Casa Parrado de Melide, así como a través do enderezo electrónico: mamasdeprimeiro@gmail.com

Son só algúns exemplos de solidariedade, pero todas aquelas persoas que desexen aportar o seu gran de area á Fundación Andrea poden facelo de varias formas, "ben facéndose socios, sen ningunha cota fixa; a través do número de conta do BBVA ES 89 0182-5920-55-0201612758, e mesmo acudindo á Gala Benéfica de Nadal que teremos o 24 de novembro en Santiago", explica Charo.

Pola súa parte, Sonia Valiño, que agradece todo o apoio recibido, destaca a necesidade de colaborar con este tipo de entidades. "Unha vez que te ves nesta situación daste conta e valoras o traballo solidario que realizan, por iso é importante colaborar, pero non falo de min; hai moitas outras familias, moitos nenos en oncoloxía, moitas persoas que necesitan axuda, e moitas asociacións, fundacións e organizacións solidarias coas que todos podemos colaborar; é necesario distribuír a solidariedade entre todos", explica.

Coral de Melide e Banda de Visantoña, xuntas na XXIX Semana da Música

Son xa 29 edicións dun evento máis que consolidado; a Semana da Música da Terra de Melide chega á Casa da Cultura da vila a partir da segunda metade do mes. Será en concreto as fins de semana do 17 e 18, e do 23, 24 e 25 de novembro ás 20.30 horas.

Este ano a protagonista absoluta será a música, dedicando a semana a súa patroa, Santa Cecilia. Participan máis dunha decena de grupos, tanto locais como chegados da contorna, que na súa meirande parte son grandes coñecedores do festival por acudir en edicións anteriores. Non obstante, este ano tamén se incorporan novas formacións como a Banda de Música de Visantoña, como gran novidade.

"A Banda de Música de Visantoña é o claro exemplo do amor pola música, abonda con ver a súa traxectoria e tenacidade ao longo de toda a súa historia", apunta Inma Castro, presidenta da Coral Polifónica de Melide, "por iso estamos moi contentos de que este ano participe no encontro, sobre todo porque xa había moito tempo que non asistía", engade.

O prato forte chegará así o día da clausura, domingo 25 de novembro, coa actuación conxunta da Coral Polifónica de Melide e a Banda de Música de Visantoña. "Imos ter un espectáculo moi especial porque por primeira vez, e de forma conxunta, a nosa formación e a de Visantoña van interpretar unha serie de pezas que xa estamos preparando; e digo especial porque son dúas agrupacións moi antigas, cunha ampla traxectoria e un sentir común que nos une: o amor pola música".



A Semana da Música da Terra de Melide, organizada pola Coral Polifónica local, reúne a centos de persoas cada ano na Casa da Cultura. "Non queremos deixar pasar a oportunidade de convidar unha vez máis a todas as persoas a que asistan a este festival que edición tras edición organizamos de forma altruísta e que nos permite a todos gozar duns días musicalmente apaixonantes no outono de Melide", destacou Inma Castro.

A maxia e os melindres de Melide viaxaron ata Cambados


Foto: P.E.

Melide estivo moi presente o pasado sábado 3 de novembro nas VI Xornadas de Degustación e Maridaxe dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia. O Salón José Peña de Cambados acolleu, un ano máis, esta proposta na que se puxo de manifesto o potencial e versatilidade dos produtos amparados polas catro Indicacións Xeográficas (IIXX) dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

O mago melidense e finalista do concurso de TVE *Pura Magia*, Dani Polo, foi un dos protagonistas do obradoiro de cata titulado *La magia del Orujo de Galicia*. Nel combinou a súa maxia con degustacións e as intervencións de Sonia Otero, enóloga e vocal do Consello Regulador.

A partir das 18.00 horas, o presidente da Asociación de Repostería Tradicional de Melide, *Melide Terra Doce*, Alberto Rodríguez, participou no seguinte taller titulado *Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia na cociña e na coctelería*. O tamén xerente da Pastelería Estilo elaborou varias receitas nas que harmonizou as sobremesas tradicionais melidenses (melindre, rico e amendoado), cos destilados galegos con selo de calidade e orixe. En concreto, realizou un xeado de augardente de herbas con *toppings* de melindre, outro de licor café con rico de melindre, e un biscoito borracho de augardente envellecida.

Pola súa parte, dous recoñecidos chefs presentaron tres pratos salgados, e un cocteleiro elaborou tres cócteles galegos.

Melide recibiu máis de 3.000 visitantes no mes de outubro

A oficina de Turismo de Melide rexistrou durante o mes de outubro un total de 3.029 visitantes que por diferentes motivos se achegaron ata estas instalacións situadas na parroquia de Furelos, sendo a media diaria de 113 persoas. A maioría das persoas que visitaron Melide no pasado mes foron maioritariamente estranxeiros, "un 64% sumando europeos e visitantes do resto do mundo, fronte a un pequeno descenso dos achegados nacionais cun 31%", indicaron dende a Oficina. Por nacionalidades, 937 persoas eran españolas, 989 achegáronse dende países de Europa e 1.103 persoas de países do resto do mundo.

Recursos turísticos

O Concello de Melide editou novo material turístico consistente nun folleto que leva por título "Un día en Melide dura máis de 24 horas", e no que se recolle toda a información necesaria para que os visitantes poidan coñecer os elementos patrimoniais do municipio, gastronómicos, culturais e distintivos, xunto cun rueiro que os localiza de forma exacta sobre o mapa.

Case 700 usuarios de Melide Informa

Por outra banda, o balance realizado sobre o uso da aplicación para móbiles "Melide Informa" durante os seus primeiros seis meses de funcionamento deu conta de que son xa 680 os usuarios que se valen desta app gratuíta para coñecer a información e a actualidade local; unha información que se complementa cunha axenda de actividades e cunha listaxe telefónica. A APP pode descargarse totalmente de balde para móbiles Android e IOS.

Centenaria en Furelos



Felisa Pereiro, veciña de Furelos, celebrou o pasado outubro o seu 100 aniversario. Entre as visitas recibidas, a alcaldesa de Melide, Dalia García, e a concelleira de Igualdade e Benestar.

Día da Biblioteca



A biblioteca Xosé Vázquez Pintor de Melide organizou polo seu día un contacontos a cargo de Marta Ortiz, que narrou o espectáculo "Cores". Pais e nenos gozaron cantando e bailando.

Magosto na gardería



A festa do Magosto chegou aos cativos e cativas da gardería municipal de Melide un ano máis. Houbo degustación de castañas e tamén elaboraron colares a modo de rosario con elas.

Obradoiro de maquillaxe



O Concello de Melide ten aberto o prazo no Centro Social para poder participar nun obradoiro de maquillaxe e coidados da pel ao que asisten actualmente máis dunha decena de persoas.

CORAZÓN DE TINTA

Esperpento

Dicen que en la vida llega un momento
en el que necesitas estar ausente
donde cada minuto es un pensamiento
y cada palabra sale de tu mente

Para gritar al mundo lo que sientes
para admitir todo aquello que callas
para encontrar la persona que eres
simplemente, para ganar tus batallas

Paula Regueiro Freire
Alumna do IES Melide

Ogallá

Ogallá vivir permanentemente dentro dunha bañeira,
unha pequena,
na que o espazo sexa o xusto para una persoa,
pero que se me apuras collan dúas,
moi xuntas.
Ogallá vivir dentro dunha bañeira,
unha de auga violeta,
na que os medos desaparezan,
e os malos recordos doan un pouco menos;
unha que me axude a pensar,
e me ensine a vivir;
unha na que poder estar contigo a pesar do seu tamaño.
Ven, que cun pouco de paciencia e dedicación
conseguirás entrar,
pero logo non te vaias,
sería inxusto ter que amoldarme a unha nova persoa,
que quizais queira cambiarme de bañeira.

Lorena Garea Rey
Alumna do IES Melide

CHUVIA DE PAPEL

Cea

Outra cea entre amigos que remata co mesmo tema. Os compañeiros comezan a berrar entre eles e, como de costume, a conversa sobe de ton. Falaban a berros de temas de política. Levaban baixo a manga multitude de argumentos que, de feito, comezaban a soar incluso contraditorios. Un intercambio de balas de canón en forma de crítica ao punto de vista do bando contrario era o pan de cada cea e o sal de cada prato que os camareiros achegaban ás beiras da mesa. Por unha banda escoitábanse as críticas ao rei e á familia real, e pola contra, o outro bando actuaba de escudo da realeza.

E alí estaba eu, na outra punta da mesa; tanto de maneira literal como figurada, pois interesábame máis ben pouco o tema do que estaban a falar os meus amigos. Farto de intercambios de artillería, levanteime do meu asento, ao berro de: "E que pasa co cambio climático?" Na miña mente imaxinaba a todos rindo sobre aquela néboa que acababa de levantar no medio daquel campo de batalla. A pesar de todo, observei con atención as caras dos meus compañeiros, que comezaron a mirar a todos os lados, como se estivesen a buscar algunha forma de falar daquel tema. Un tema de tal importancia e magnitude, e sobre o cal ningún se atreveu a argumentar.

Cristian Álvarez Mejuto
Alumno do IES Melide

Repostaría, Os Bolechas, xogos e música para celebrar o magosto en Melide



Melide celebrará o tradicional magosto o domingo 11 de novembro cunha intensa xornada dirixida a todas as idades. A actividade dará comezo xa pola mañá, ás 11.00h, na Casa do Concello onde se celebrará un taller de repostaría magosteira no que poderán participar nenos e nenas maiores de cinco anos. Tendo en conta que as prazas son limitadas, para poder acudir a este taller será necesario realizar unha inscrición previa no departamento de Cultura. Pola tarde, a partir das 17.00h no Palacio de Congresos, terá lugar un taller de xogos tradicionais, que ofrecerá Garabato de Xogos, con propostas para todas as idades, e contarase tamén coa presenza de Os Bolechas. Xa ás 18.30h, celebrarase o tradicional magosto, tamén no Palacio de Congresos, con degustación gratuíta de castañas do país e chocolate quente. Haberá música a cargo do trío Son Remolino. Dende o Concello, a alcaldesa Dalia García animou a todos os veciños e visitantes a pasar a xornada dominical na vila e participar dunha festa tan tradicional como é o magosto.

Agradecemento

Emilio Ares

Con 100 anos e pendente dese 6 de novembro no que ía a celebrar a súa onomástica, deixounos sen sufrir e sen molestar. Sempre dicía que á parte da sorte dos seus anos, tivera sorte cos seus fillos; facendo unha vida libre sen depender de ninguén. Se alguén deixa pegada en Melide é el: un gran empresario, traballador incansable, seguro dos seus actos e respectuoso total coa súa palabra. Amante da unión familiar e amigo dos seus veciños, servizal co seu pobo e sempre disposto a dar un empuxón. Permaneceu activo ata os 90 e, na súa longa traxectoria, deu os seus primeiros pasos como soldado de intendencia na guerra do 36, pasando despois á academia da policía na primeira convocatoria, na que logrou ascensos.

Co falecemento do seu pai tivo que abandonar e facer fronte á unidade familiar posto que el era o maior. Durante esa traxectoria foi administrador das propiedades dos Calderón, de Conde Canillas, dos de Mera, de don Santiago Piñeiro, dos de Quinzán e das monxas de Santa Clara.

No 45, creándose a liña de pasaxeiros de Iberia, fíxose representante da mesma para voos transatlánticos, tendo sempre na súa carteira algún voo dispoñible. Así foi que, a xente con categoría e diplomatura viñan ao Barreiro para conseguir ese contrato pasaxeiro. E internamente desenvolveu o embarque por aire e mar dos nosos emigrantes a Arxentina, Uruguai, Brasil e Venezuela, aos que axudou; de feito, cando regresaban de vacacións ou visita familiar sempre viñan a darlle as grazas. Un home de ben.

Don Germán Rodríguez Canónigo de Mondoñeno casouno con Marujita Rico Rodríguez, sendo testemuñas da cerimonia seu primo José Paz Ares, José Ares Lois, Miguel López Sancho, Juan Rodríguez Ureña e Andrés Rodríguez Martínez. Despois de agasallar as súas amizades emprenden viaxe nupcial a Madrid, Barcelona, Baleares e outras poboacións, regalado por Iberia en recompensa ao seu bo facer como representante.

Incansable, sempre activo e cun organigrama e planificación exquisita, construíu o seu edificio comercial e vivendas e desenvolveu a actividade de ferraxería, tendo a maiores a súa fragua e a fabricación de caldeiros para a alimentación do gando. Como apoderado de Quinzán desenvolveu a urbanización do Convento, é dicir, dende a estrada da Coruña e da de Toques ata a zona do instituto, contemplando facer avenidas amplas e unha gran praza, e ceder ao Concello toda a zona do instituto e grupo escolar número un, co poder e autorización de don Joaquín Rodríguez Penas, sen limitación algunha.

No 68 ofertou a finca das Granxas para o campo de fútbol por cincuenta mil pesetas, a que quedou deserta. Sobre a mesma desenvolveu a urbanización como dono en sociedade con outros e cedeu ao Concello os terreos do Centro Médico e da escola de Formación Profesional. A baixo prezo tamén cedeu unha gran parcela ao Banco Bilbao co fin de manter en Melide as oficinas centrais de dita entidade. Foi impulsor do desenvolvemento das estradas de San Salvador, Sobrado dos Monxes, San Cibrao á Mella e dos Condes a Golán e a Arzúa.

Amaba a vida ao aire libre e a natureza que lle levou a montar unha explotación gandeira, sendo pioneiro na promoción das miniqueixerías da man de Grién, Cabeselle, Varela e Barral cos que formou o primeiro Consello Regulador do queixo de Denominación Arzúa-Ulloa. Puxo en marcha numerosas plantacións forestais de eucaliptos, castiñeiros e nogueiras, e solicitou a concentración parcelaria de Orois e outras parroquias, sempre buscando un futuro mellor.

Vitalista e, en conxunto coa súa costela, formaron un equipo comercial único. Canta xente aprendeu a coser a máquina?, Cantas máquinas Refrey se venderon?, Cantos colchóns, fundas, chineros e cadeiras na súa nova empresa de mobles?, Cantas vodas se celebraron coa súa vaixela?... Dinámicos totais e con constancia ardua para saír adiante. Ademais de ser feliz no seu traballo atopou na mesa en compañía dunha boa charla e un bo viño, un dos seus maiores praceres.

Gustoulle sempre viaxar, tanto por España como por Europa, Arxentina, Brasil, e en Portugal visitou Fátima acompañando ao Papa Pablo VI en 1967, aproveitando a compra da estatua da virxe que hoxe nos venera na igrexa parroquial.

Foi presidente das festas do San Roque e en dito ano, co que sobrou, a comisión comprou os altofalantes que están no campanario.

Tamén foi socio pioneiro da creación da cooperativa Melisanto, apoiando o grupo lácteo con Pablo Costoya e a transformación de mandos presidenciais Santiago Liñeira, Burgos e Varela.

Deixa catro fillos: Emilio coa súa dona Luisa, xerentes de Centro Comercial Ares; Andrés, veterinario, coa súa dona Piedad, xerentes de Mobles Ares; Maruxa, funcionaria da Xunta, co seu dono Lois Caeiro , director do Progreso; e Ramón, xerente do HULA , Cervo e Monforte.

Ditosos todos os que puidemos gozar del. Grazas a todos os que nesa fin de semana nos arroupastes e acompañastes ao seu enterro. Grazas reverendo por ese referente de don Emilio, rematando a súa exposición co señor Emilio: unidade e referente familiar. Grazas por acompañarnos ao Castelo pola rúa dos que non volven. Sentímonos apesarados, pero ledos, porque días así sempre quedarán na nosa retina. Moitas deleitas.



STOP Violencia de Xénero Que nos está pasando?

Centro de Información á Muller (CIM), de Melide

As estatísticas sobre violencia de xénero en España seguen amosando cifras alarmantes... Acabamos de pasar un "setembro negro" para as vítimas de violencia machista, con 9 mulleres asasinadas (cinco na última semana do mes). A este intolerable número de mulleres asasinadas, ao que habería que engadir os/as fillos/as que quedan orfos, súmase a constatación de que están aumentando as actitudes machistas entre os/as adolescentes. Segundo estudos recentes publicados, a xuventude rexeita a violencia de xénero identificada cunha labazada ou con golpes, pero existe un alarmante nivel de aceptación e tolerancia sobre outros tipos de maltrato como son o control e o acoso. Ademais, co incremento no uso das novas tecnoloxías e redes sociais xorden novas formas de agresión (ciberacoso, *sexting*), que ás veces aparecen de forma individualizada e, outras veces, constitúen un reforzo a outro acoso presencial.

Todos estes datos deben levarnos a reflexionar. Que nos está pasando?, Por que non conseguimos acabar con esta lacra social?

No Concello de Melide contamos co Centro de Información ás Mulleres (CIM), situado no edificio do Centro Social e aberto de luns a venres de 10:00 a 15:00 horas. A este servizo –totalmente gratuíto para as usuarias–, poden acudir todas aquelas mulleres da comarca que o precisen para solicitar información ao respecto; nel traballan unha avogada e unha psicóloga especializadas en violencia de xénero que prestan servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica, proporcionando apoio e acompañamento ás vítimas, tramitando os recursos dispoñibles en cada momento, etc.

Dende o CIM de Melide queremos destacar a importancia da prevención, que debe comezar xa nas primeiras etapas da vida, considerando prioritaria unha educación en igualdade para poder acabar coa violencia de xénero, e por iso apostamos por actividades coeducativas e sensibilizadoras para os nosos cativos.

Debemos recordar que a violencia de xénero é un problema estrutural, que se asenta na base das estruturas sociais, sobre uns cimentos de poder-submisión establecidos polo patriarcado ao longo da historia. Dende pequenos temos interiorizados diversos roles e estereotipos de xénero, xogando un papel primordial tamén neste sentido os medios de comunicación, que con frecuencia presentan á muller como un obxecto sexual e transmiten a miúdo estereotipos sexistas.

Segundo as Estatísticas de Vítimas de Violencia de Xénero publicadas pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, no que vai de ano son 41 as mulleres asasinadas nas mans das súas parellas ou ex-parellas, e tan só un 26,8 % das vítimas presentaran denuncia previamente. Polo tanto, é importante que as mulleres que están sufrindo malos tratos se atrevan a dar o paso, a romper o silencio... porque é a única forma na que poden acceder á protección que o sistema actual nos ofrece. Neste sentido tamén é moi importante o papel que xoga a sociedade, o entorno familiar e social da vítima, e as propias institucións públicas, xa que todos e todas debemos apoiar e axudar a esa vítima que, en moitos casos, non é capaz de recoñecer a situación que está vivindo para poder saír do propio círculo da violencia de xénero.

Por iso, se tes dúbidas, cres que estás vivindo unha situación de violencia de xénero ou que alguén que ti coñeces se atopa nesta situación, podes dirixirte a:

Centro de Información ás Mulleres
Rúa Principal nº4, (Centro Social)
Concello de Melide

Onde está o discurso da esquerda?

Elena Dos Santos Carballada,
comunicadora audiovisual e guionista

Vimos de coñecer no mes de outubro unha nova histórica para a clase traballadora española: o pacto para a aprobación dos Presupostos Xerais do Estado entre as forzas da esquerda nacional inclúe a suba do salario mínimo interprofesional a 900€. Un fito histórico que debería ser celebrado por tódolos traballadores e traballadoras deste Estado. Porén, analizando as miñas redes sociais, que son hoxe en día un bo termómetro demoscópico e, nas que case a totalidade de persoas coas que as comparto pertence a este colectivo, a penas catro referencias de outras tantas persoas sempre comprometidas. Se o comparamos coas referencias que fai un ano invadían a mesma rede, pero por un tema ben distinto como a detención dos políticos cataláns ou o despregue das forzas de seguridade do Estado en territorio catalán, as deste ano son cifras irrisorias. Falta conciencia de clase? Por que o discurso da dereita cala tanto na clase traballadora? Por que a clase traballadora renuncia á loita polos dereitos sociais? Estamos tan anestesiados que nos importa máis o discurso patriótico que os nosos propios dereitos.

Amais disto, xa se oen as voces oficiais do capitalismo: o Fondo Monetario Internacional (FMI) alerta do perigo de aumentar os salarios, pois segundo este organismo frearía o emprego. O referido ente afirma que é mellor seguir coa reforma laboral emprendida polo Partido Popular, onde a flexibilidade salarial sustentou a recuperación económica de España. Pero postos a bailar ao ritmo dos números estatísticos, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE) en 2017, o 21,6% da poboación do Estado estaba en risco de pobreza. E outro dato alarmante é que medra o número de traballadores pobres, isto é, que aínda que teñen un emprego remunerado, teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes. Visto dende abaixo, señores do FMI, parece que as súas receitas non melloran a vida dos traballadores e traballadoras do Estado español. Ao fin e ao cabo, as políticas dun estado deberían ir encamiñadas a mellorar a vida dos seus cidadáns de aí o seu nome de estado de benestar. Pero como xa é sabido o actual sistema capitalista só busca aumentar a riqueza dos de arriba. Será isto tan difícil de ver?

Á dereita, que ao fin e ao cabo é a voz do capitalismo, sempre lle sae máis rendible botarlle a culpa aos de abaixo, que ao fin teñen lombo bastante para cargar con ela e así garante os intereses dos de arriba, verdadeiros culpables dos nosos males. Por iso, pon o foco na inmigración cun discurso racista e patriótico.

Traballadores e traballadoras, non son os inmigrantes os que nos veñen quitar o traballo, que son os bancos os que nos roubaron os cartos públicos que poderían mellorar os nosos dereitos e polos que aínda seguimos pagando unha débeda que afoga as contas do Estado; que son os corruptos os que nos rouban; que son as grandes multinacionais as que se aproveitan da nosa miseria para encher os seus petos. Pero resulta máis doado mirar para abaixo e así volvémonos todos tan patriotas e defensores da bandeira que se nos esquece loitar polos nosos dereitos. Cando imos espertar? Onde está o discurso da esquerda que aglutine e estimule os sentimentos da clase traballadora na loita pola defensa e recuperación dos dereitos sociais?

Finou Xosé Varela Segade, ex-presidente da cooperativa Melisanto

Xosé Núñez López

O día 4 do pasado mes de outono finou na súa casa de Visantoña Xosé Varela Segade, quen desempeñou durante 28 anos o cargo de presidente da cooperativa Melisanto, que comprende os concellos de Melide, Santiso e Toques.

A mediados do ano 2008, cando a cooperativa celebrou Asemblea Xeral Ordinaria para renovar a dirección, Xosé Varela Segade non se presentou á reelección por razón de idade, sendo por este motivo que deixou de ser o presidente da mesma.

Durante os 28 anos que durou a presidencia de Xosé Varela Segade o progreso da cooperativa foi espectacular, tanto no referente á modernización de maquinaria para a produción propia de pensos e outros servizos, como á construción de novos locais para almacenamento de produtos do campo e a súa clasificación e preparación para envío aos puntos de consumo, como a novas instalacións onde son preparados futuros labradores baixo as máis modernas técnicas de administración e produción agrarias.

Os labradores de Visantoña e demais parroquias da zona tamén lle deben a Xosé Varela Segade os cambios de sistema para traballar as terras, quen ensinou con feitos que na aldea tamén se podía vivir mellor dedicando máis extensión de terreos a pastos de gando vacún para a produción de leite ou carne, e menos de millo e centeo para o propio consumo como se viña facendo de sempre.

No caso de vacas do país para a produción de leite, Xosé Varela Segade, para beneficiarse dun valor engadido, construíu unha queixería con todos os adiantos modernos para a fabricación de queixos, competindo en calidade e cantidade con outras xa existentes na comarca durante moitos anos, ata que fai poucos meses deixou de facelos por falta de persoas que puideran continuar o traballo, como empresa familiar que era.

Xosé Varela Segade, ademais de bo traballador, tamén era moi mañoso e, no seu taller, onde tiña ferramentas abundantes para practicar o oficio de carpinteiro que aprendera na aldea, facía calquera moble ou aparello moi práctico para uso doméstico. Tamén vernizaba ou pintaba se facía falta.

Estudou música na Escola de Música de Visantoña, e chegou a ser compoñente da Banda Popular de Música de Visantoña durante algúns anos. Así mesmo, aprendeu a tocar a gaita galega, sendo el quen animou á xente nova a que formasen o grupo de gaitas denominado "O Fol da Cousa".

Co seu esforzo e habilidade, e coa axuda da súa familia, acadou ter na aldea unha vivenda onde non falta ningún servizo e outras comodidades como aínda non teñen moitas casas do rural galego.

“É moi importante viaxar sempre con seguro, sobre todo a nivel internacional”

O vindeiro mes de marzo cumprirá o segundo aniversario coas portas abertas en Melide, pero a experiencia no sector xa vén de tempo atrás. Tanto é así que despois de traballar en varios hoteis probou nunha axencia de viaxes decidíndose finalmente a poñer en marcha o seu propio proxecto. Sempre tivo claro que quería estudar Turismo e coñecer novos lugares, novos destinos, culturas e experiencias que, máis tarde, dá a coñecer e recomenda aos seus clientes en cada viaxe. Desprende entusiasmo polo seu traballo e asegura que en Zafiro Tours podemos atopar viaxes para todos os gustos.



Rocío Barreiro nas oficinas de Zafiro Tours en Melide

- Zafiro Tours conta cunha ampla oferta para todo tipo de viaxeiros, non si?
- Rocío Barreiro (R.B.): Si. Dedicámonos a todo tipo de viaxes: en grupo para escolares, estudantes, para empresas, etc. Tamén traballamos para organismos públicos, organizamos viaxes de verán e tamén do Imserso. A maiores tamén contamos con tarxetas regalo, cun servizo de excursións orientado a peregrinos, ben sexa para coñecer Santiago ou calquera outra cidade galega cumprimentado coa gastronomía, e organizamos tamén por suposto lúas de mel, que por certo comeza agora a venda anticipada.

- Quere dicir que os noivos que vaian casar para o ano que vén deberían mirar xa a súa viaxe?
- R.B.: Si, sobre todo a partir deste mes de novembro que é cando comeza a venda anticipada en viaxes de noivos, por iso lles recomendo que as vaian mirando, porque se collen ofertas en venda anticipada o aforro pode chegar a ser bastante importante. E hai que ter en conta que agora as tendencias cambiaron, antes as lúas de mel estaban máis orientadas ao Caribe, pero pouco a pouco a xente comeza a demandar destinos como Tailandia, Maldivas, Bora Bora, ou combinados como Dubái - Maldivas, Dubái - Mauricio ou Caribe - Nova York, que son destinos de longa distancia que cómpre mirar con tempo.

- Falando das lúas de mel, que hai de certo niso de que as viaxes de noivos son máis caras?
- R.B.: Convén explicar ese mito, porque si é certo que é máis cara, pero porque inclúe servizos e outro tipo de atencións e detalles que nunha viaxe normal non se inclúen, por iso sae máis caro, non porque sexa de noivos.

- Que é para vostede o mellor de viaxar?
- R.B.: Desconectar da túa rutina e descansar. Sexa unha viaxe máis cultural ou máis de descanso, disfrutas visitando outros sitios diferentes e enriquéceste coas súas culturas e costumes e, á parte, coñeces xente nova e medras como persoa.

- Por que diría que se distingue ou diferenza unha axencia de viaxes?
- R.B.: Partimos de que nós organizamos absolutamente todo, bueno, menos facer a maleta claro (risas), iso aínda non o facemos, pero en canto ao destino e a viaxe o cliente non ten que preocuparse de nada. Somos profesionais do sector e por iso temos coñecementos que ao mellor ti non tes, así que podemos asesorarte moito mellor en canto a documentación por exemplo, en canto a requerimentos de entrada, opcións en cada destino, ademais de que, de xurdir algún problema na viaxe vas a ter un número de teléfono de contacto ao que acudir directamente. Imaxínate que tes algunha dúbida ou algún problema, pois nós sempre facilitamos un número de teléfono móbil ao que podes chamar dende o teu destino, e iso é garantía de seguridade e tranquilidade para o cliente.

- A tranquilidade e a seguridade son imprescindibles nunha viaxe, diría vostede que no seu sector hai algún tipo de fraude en relación a isto?
- R.B.: Claro que hai e seguirá habendo, sobre todo nalgunhas páxinas en liña que ofrecen ofertas tan espectaculares que xa son sospeitosas a primeira vista. En axencias de viaxes xa coñecidas e de renome non pasa iso, pero dese tipo de ofertas a través de Internet ás veces debemos desconfiar. Hai viaxes que se contratan a través de páxinas en liña que non che garanten un servizo fundamental coma o noso, ter un número de contacto ao que acudir e, unha vez no teu destino, se xurde algún problema non tes con quen falar. Por iso recomendamos acudir sempre a unha axencia de confianza, coñecida e coa que xa viaxaras para contratar a túa viaxe, xa que de ter algún problema tentaríamos solucionalo e tamén se procedería a un reembolso. Insisto, parece unha tontería, pero o feito de ter un teléfono móbil ao que acudir en caso de ter calquera problema dá moita tranquilidade, sobre todo se estamos nunha viaxe no estranxeiro. Ademais nós como axencia garantimos que traballamos con grandes profesionais e con empresas que levan moitos anos no sector.

- De xurdir algún problema grave e non ter con quen contactar que deberiamos facer?
- R.B.: Acudir á policía e á embaixada. E se é un problema médico debemos acudir primeiro ao seguro, se temos seguro, que ese é outro aspecto importante, sempre hai que viaxar con seguro, sobre todo a nivel internacional.

- Cal é a viaxe máis rara ou curiosa que lle pediron?
- R.B.: No tempo que levo coa axencia, Etiopía. Non digo que sexa rara, senón diferente, é un destino diferente e unha viaxe moi enriquecedora para calquera persoa, pero non é común. Ademais, como que ultimamente aumentan ese tipo de peticións, escapadas menos comúns, por dicilo dalgunha maneira.

- Algúns destinos en auxe ultimamente?
- R.B.: Comeza a estar en auxe de novo Exipto, Marrocos, Túnez, Vietnam, Tailandia, e tamén destinos latinoamericanos como Panamá, Costa Rica, Perú, etc.

- Que prefiren os seus clientes: sol e praia ou viaxes máis culturais?
- R.B.: A maioría prefire descanso, unha viaxe máis de sol e praia para descansar, desconectar. Tamén hai quen escolle viaxes culturais, pero en menor medida.

- Canto tempo nos recomenda para coñecer un lugar?
- R.B.: Depende do destino e do tipo de viaxe, pero por norma xeral entre unha semana e dez días.

- Animámonos a viaxar sós?
- R.B.: No noso caso de momento aínda non se animou ninguén. Aínda que tamén temos ese tipo de oferta, como por exemplo os cruceiros para singles que lles chaman, pero de momento aquí non me chegou esa petición.

- Algunha oferta para Nadal?
- R.B.: Si, para a ponte de decembro hai voos directos dende Santiago a Praga por exemplo, Frankfurt, Marrakech, Edimburgo e Estambul. E despois desde Oporto: a París, Londres, As Azores e Madeira; todo para esa ponte. Xa para Nadal, temos cruceiros polo Danubio, polo Rin, desde Coruña, e logo sempre hai tamén algunhas ceas especiais en sitios como por exemplo Benidorm. Vamos, temos ofertas para todo os gustos.

Zafiro Tours Melide
Tlf: 881 97 56 43
Rúa do Convento, nº 6

Sabadell

CentroComercialAbierto
CCA Melide
ASETEM

PROgresar:

Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales.

¿Quieres progresar? Nosotros te ayudamos. Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales con condiciones exclusivas, un tipo de interés preferente y comisiones reducidas.

Si eres miembro de la **Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM)** y buscas promover tu trabajo, proteger tus intereses o tus valores profesionales, con **Banco Sabadell** puedes. Te beneficiarás de las soluciones financieras de un banco que trabaja en PRO de los profesionales.

Llámanos al 900 500 170, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

bancosabadell.com

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'

Banco de Sabadell, S.A., Avda. Óscar Esplá, 37, 03007 Alicante, Inscrito en el Registro Mercantil de Alicante, tomo 4070, folio 1, hoja A-156980. NIF A08000143. Condiciones revisables en función de la evolución del mercado. Serán de aplicación las que estén en vigor en el banco en el momento de la formalización. Documento publicitario. Fecha de emisión: Noviembre 2018